

### III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

#### CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL

*EXTRACTO da Orde do 31 de outubro de 2017 pola que se establecen as axudas económicas ás familias para a atención a domicilio de nenas e nenos menores de doce anos a través do programa Bono coidado e se procede á súa convocatoria.*

BDNS (Identif.): 369809.

De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b) e 20.8.a) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria cuxo texto completo se pode consultar na Base nacional de subvencións:

(<http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/index>):

Primeiro. *Persoas beneficiarias*

1. Poderán ser beneficiarias das axudas do programa Bono coidado os pais/nais, titorres/as, ou as persoas que teñan en situación de acollemento familiar ou garda preadoptiva nenos/as menores de doce anos residentes na Comunidade Autónoma de Galicia que se atopen nos supostos seguintes:

a) Ter unha nena ou un neno nacida/o con posterioridade ao 31 de decembro de 2005 respecto da anualidade 2017 e con posterioridade ao 31 de decembro de 2006 respecto da anualidade 2018.

b) Que a renda da unidade familiar, entendida como a suma da base imponible xeral e da base imponible do aforro, non supere os 45.000 € ou os 13.500 € *per cápita*. Para estes efectos, terase en conta a declaración do IRPF do ano 2015 respecto da anualidade 2017 e do ano 2016 respecto da anualidade 2018.

2. Ademais, as persoas beneficiarias teñen que cumprir os requisitos establecidos no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Segundo. *Obxecto*

Establecer as bases reguladoras polas cales se rexerá a concesión de axudas económicas, en réxime de concorrencia non competitiva, ás familias con nenos e nenas menores



de doce anos que teñan a súa residencia en Galicia e precisen dun recurso personalizado a domicilio para cubrir necesidades puntuais derivadas da conciliación das obrigas laborais e persoais e as responsabilidades familiares que se produzan entre o 1 de outubro de 2017 e o 30 de setembro de 2018 (código de procedemento BS412A), así como proceder á súa convocatoria.

Terceiro. *Bases reguladoras*

Orde do 31 de outubro de 2017 pola que se establecen as axudas económicas ás familias para a atención a domicilio de nenas e nenos menores de 12 anos a través do programa Bono coidado e se procede á súa convocatoria.

Cuarto. *Importe*

A axuda consistirá nunha achega económica, cuxa contía estará en función da renda *per cápita* da unidade familiar, para contribuír ao pagamento do importe de servizos de atención á infancia a domicilio.

As axudas obxecto desta convocatoria destínase un orzamento total de tres millóns de euros (3.000.000 €), que se imputará á aplicación orzamentaria 12.02.312B.480.1 distribuído en dúas anualidades, dos cales corresponderán setecentos cincuenta mil euros (750.000 €) a 2017 e dous millóns douscentos cincuenta mil euros (2.250.000 €) a 2018.

Quinto. *Prazo de presentación de solicitudes*

As solicitudes de axuda poderanse presentar desde o día seguinte ao da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia* ata o 30 de abril de 2018.

Santiago de Compostela, 31 de outubro de 2017

José Manuel Rey Varela  
Conselleiro de Política Social

